



Concello de Vigo Contratación

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO E PROCESADO TÉCNICO DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS PARA BIBLIOTECA EN AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO (EXPTE. 12179-331)

1.- Entidade adxudicadora: a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Cultura e Bibliotecas. c) **Obtención de documentación e información:** Oficina de Información Xeral do concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, teléfono (986) 810148, Fax: (986) 226206. **Correo electrónico:** contratacion@vigo.org **Dirección de Internet do perfil do contratante.** www.vigo.org **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións. d) **Número de expediente.:** 12179-331

2.- Obxecto do Contrato: a) **Tipo:** suministro. b) **Descrición:** Suministro e xestión técnica do material bibliográfico con destino á Biblioteca pública municipal da Avda. Martínez Garrido 21, de Vigo, incluído o proceso técnico (catalogación, clasificación...) e o proceso físico de todos os materiais, así como a rotulación correspondente. c) **División por lotes e número de lotes/Número de unidades.** Non d) **Lugar de execución:** Concello de Vigo e) **Prazo de execución:** 120 días naturais (4 meses).

3.- Tramitación e procedemento: a) **Tramitación:** Ordinaria. b) **Procedemento:** Aberto.

4.- Presuposto base de licitación: Importe total 134.458,47 euros.

5.- Garantías esixidas. **Provisional:** non se esixe. **Definitiva** 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista: a) **Clasificación:** non se esixe; b) **Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:** a esixida no apartado 13 e 14 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

7.-Presentación de ofertas: a) **Data límite de presentación:** o prazo rematará ós 15 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG. b) **Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO c) **Admisión de melloras:** Non. d) **Prazo da obriga de mante-la oferta:** dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.- Apertura de Ofertas: a) **Dirección:** Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) **data e hora.** Anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo (www.vigo.org).

9.- Gastos de Publicidade. Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

10.- Outras Informacións.:

Vigo, 13 de outubro de 2010.
A concelleira delegada de Contratación,
Raquel Díaz Vázquez